

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 4 DE MARZO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Cambela, no concello de San Xoán de Río (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública dos Blancos, no concello dos Blancos (Ourense).
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Carballedo-A Peroxa, nos concellos de Carballedo (Lugo) e A Peroxa (Ourense).

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Vigo para a execución do Plan de sustentabilidade turística de Vigo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ares para a execución das actuacións extraordinarias para garantir o saneamento no concello de Ares (A Coruña), por importe dun millón cento cincuenta mil euros (1.150.000,00 €).
- Acordo polo que se aproba o tramite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Pasarela peonil na OU-150 en Cudeiro, Ourense.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a concesión de subvencións por importe superior a 3.000.000,00 de euros derivadas da Resolución do 23 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a iniciativa Fábrica intelixente e sustentable, orientada a proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación centrados en tecnoloxías industriais innovadoras para apoiar as empresas na súa transición industrial, en liña coas prioridades europeas en materia de dixitalización e pacto verde, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva, mediante procedemento negociado sen publicidade, da vacina antineumocócica conxugada de 20 serotipos, por un importe total de licitación de cinco millóns catrocentos corenta e un mil oitocentos corenta e un euros con sesenta céntimos, con IVE (5.441.841,60 €) e un valor estimado de once millóns cincocentos once mil cincocentos oitenta e oito euros, (11.511.588,00 €).

### **CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

- Acordo polo que se toma razón das convocatorias de axuda xa publicadas e do importe de fondos mobilizado no ámbito das políticas activas de emprego en 2024.
- Acordo polo que se toma razón das iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) apoiadas pola consellería competente en materia de emprego.
- Acordo polo que se toma razón da formación ao sector TIC impartida no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) na programación 2023-2024.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Informe do Plan de acción de calidade e sustentabilidade 2024.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre a presentación da Intervención Xeral da Administración do Estado do avance do peche do exercicio 2023.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre a actuación de mellora de cobertura móbil.
- Informe sobre a campaña do IRPF 2023: novidades e medidas vixentes adoptadas pola Xunta de Galicia.

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da tramitación de emerxencia da obra Reparación do estribo 2 da ponte sobre o río Maceda na OU-536, p.q. 22+980. Xunqueira de Espadanedo, por importe total de dous millóns trescentos oitenta e dous mil cincocentos cincuenta euros con cincuenta céntimos (2.382.550,50 €).
- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto Senda peonil na PO-407 (O Porriño)..

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre a candidatura da Ribeira Sacra á lista do Patrimonio Mundial.

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe dos proxectos de investigación europeos en que participa a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (2019-2024).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre o avance de resultados do Programa de ciencias mariñas de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA TRES NOVOS POLÍGONOS AGROFORESTAIS ORIENTADOS CARA Á GANDARÍA EN EXTENSIVO DENTRO DA APOSTA POR PREVER LUMES A TRAVÉS DA XESTIÓN E A DINAMIZACIÓN DO TERRITORIO**

- Destes novos polígonos, cuxa declaración de utilidade pública e interese social avaliou hoxe o Consello do Goberno galego, dous están situados nos concellos ourensáns de San Xoán de Río e Os Blancos, e o terceiro conta con terreos na Peroxa e tamén no municipio lugués de Carballedo
- O Goberno autonómico mobiliza preto de 9.500 hectáreas a través dos 33 polígonos agroforestais activados en Galicia, dos cales 7 foron aprobados nos últimos 4 meses
- O recoñecemento do papel da gandaría en extensivo como custodio do territorio amplíase este ano cunha liña de axudas para o silvopastoreo e un piloto de manexo de gando propio, ademais de reivindicar un ecorréxime específico

A Xunta segue avanzando no impulso aos polígonos agroforestais coa aprobación hoxe, polo Consello do Goberno galego, da declaración de utilidade pública e interese social de tres novas iniciativas deste tipo. Así, ascenden xa a 33 os polígonos postos en marcha na nosa comunidade desde 2021 -7 foron aprobados nos últimos 4 meses-, que mobilizan no seu conxunto 9.475 hectáreas.

Os tres decretos a que hoxe deu o visto e praxe o Consello supoñen a devandita declaración para outros tantos polígonos agroforestais de iniciativa pública, dous deles situados integramente na provincia de Ourense (nos concellos de San Xoán de Río e Os Blancos) e un terceiro cunha parte dos seus terreos no municipio ourensán da Peroxa e outra no concello lugués de Carballedo.

Esta declaración implica, entre outras cousas, o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia do procedemento. Así mesmo, autorízase a redacción de cadanseu proxecto básico e a execución dos procedementos de investigación da titularidade na forma prevista na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

#### **Dinamización do territorio a través da gandaría en extensivo**

Estes tres novos polígonos terán como actividade principal a gandaría en extensivo, dentro da aposta do Goberno autonómico por prever incendios forestais a través da xestión e a dinamización socioeconómica do territorio.

O compromiso da Xunta coa potenciación do carácter central da gandaría en extensivo como custodio do territorio tradúcese en diferentes accións estratéxicas que potenciaranse nos vindeiros meses con dúas iniciativas para xestionar a biomasa a través de axudas específicas para o silvopastoreo e un piloto de manexo de gando propio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, cómpre lembrar a reivindicación por parte do Goberno autonómico ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para incluír un ecorrédime específico que recoñeza, precisamente, o pastoreo en extensivo de vacún, cabrún, ovino ou equino como ferramenta na loita contra os lumes, promovendo a posta en produción de superficies de pastos arbustivos e arborados e favorecendo, deste xeito, a súa conservación agraria e ambiental.

### **San Xoán de Río, Os Blancos e A Peroxa-Carballedo**

No seu conxunto, estes tres novos polígonos aprobados hoxe polo Consello da Xunta permitirán mobilizar un total de 152,57 hectáreas, repartidas en 745 parcelas de 350 propietarios. Así, o polígono de Cambela, no concello de San Xoán de Río, beneficiará 135 titulares de 301 parcelas, cunha superficie total de 97,36 ha; o dos Blancos, no municipio homónimo, permitirá mobilizar 29,73 ha, distribuídas en 249 parcelas de 122 propietarios, e por último, o polígono que abrangue terreos dos concellos da Peroxa, na provincia ourensá, e de Carballedo, na de Lugo, beneficiará 93 propietarios de 195 parcelas e terá unha superficie de 25,48 hectáreas.

A maiores destes tres que agora se declaran de utilidade pública, hai outros 30 polígonos agroforestais en marcha (en diferentes fases de execución) na nosa comunidade. En conxunto, estas 33 iniciativas de mobilización de terras supoñen a posta en valor das xa mencionadas 9.475 hectáreas, distribuídas en 30.110 parcelas propiedade de 8.917 veciños.

### **O polígono de Oímbra estará en produción neste primeiro semestre de ano**

Os polígonos agroforestais son unha figura creada ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Teñen por obxecto pór en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva, que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha acaída actividade de explotación agrícola ou forestal.

O primeiro en entrar en produción será, neste mesmo primeiro semestre do ano, o polígono de Oímbra, orientado á cultivos leñosos -como a vide- e a produción hortícola -como o pemento-.

A devandita Lei de recuperación deu pé á creación e regulación desta figura de posta en valor da terra agraria, xunto con outras como as aldeas modelo, as agrupacións de xestión conxunta ou as permutas de especial interese agrario. Con todas estas ferramentas, así como coas concentracións parcelarias, mobilizáronse xa máis de 35.000 hectáreas en toda Galicia nos últimos catro anos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA UN NOVO PLAN DE 2M € PARA REFORZAR A SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA NO CONCELLO DE VIGO**

- O Consello dá luz verde a un convenio co Concello vigués para que leve a cabo o Plan de sustentabilidade turística en destino ata o ano 2025
- Entre outras medidas, inclúese o apoio á dixitalización de establecementos gastronómicos así como distintas accións orientadas á accesibilidade e mobilidade
- É unha das 13 estratexias que benefician 80 concellos e que se inclúen no Plan territorial de enogastronomía de Galicia con fondos NextGeneration

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración co Concello de Vigo para a posta en marcha do Plan de sustentabilidade turística en destino na cidade viguesa por valor de 2M €. Incluirá medidas que conecten a gastronomía e os recursos naturais e culturais con accións que promovan o turismo sustentable e a dixitalización. Enmárcase no Plan territorial enogastronomía de Galicia deseñado polo Goberno autonómico con fondos europeos NextGeneration.

En concreto, ao abeiro deste plan, o Concello de Vigo desenvolverá accións ata 2025 con medidas como actividades de formación para impulsar a dixitalización de establecementos gastronómicos, accións para a mellora da separación de residuos e posterior reciclaxe, así como reforzo da accesibilidade e mobilidade como renovación de espazos peonís, instalación e configuración dunha rede de marquesiñas dixitais interactivas e accesibles ou cartelería específica de sinalización da zona turístico-comercial e mellora de mobiliario, entre outras.

Esta nova folla de ruta para Vigo terá duración ata 2025. Forma parte do Plan territorial enogastronomía de Galicia deseñado polo Goberno autonómico, que inclúe a posta en marcha de medidas transversais destinadas ao sector de todo o territorio como axudas ao embelecemento e adecuación dos establecementos de produción enolóxica e alimentaria ou a potenciación da mobilidade sustentable, entre outras. Entre os compromisos do Plan territorial está, ademais, a posta en marcha de 13 plans de sustentabilidade turística en destino -como o autorizado hoxe- dos cales se benefician un total de 80 concellos galegos.

Estes 2M € para o Plan de sustentabilidade turística en destino de Vigo súmanse aos outros 2M € que a Xunta de Galicia tamén promove para a cidade co Plan de sustentabilidade turística de Bouzas. Ambos os plans están convocados polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo e executaranse ao abeiro dos fondos europeos NextGeneration no marco dos plans territoriais deseñados pola Xunta de Enogastronomía e no de Vilas Termais e Núcleos Históricos. Durante o proceso, a Xunta de Galicia velou para que fosen proxectos ben planificados e xustificados no marco da convocatoria.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE ARES PARA ACOMETER OBRAS DE EMERXENCIA NO SANEAMENTO MUNICIPAL POR IMPORTE DE 1,15 M €

- O obxectivo é prestar apoio técnico e económico ao Concello para resolver a situación xerada pola rotura do colector municipal que atravesa a praia do núcleo urbano
- A Xunta financiará o 80 % dos traballos, cunha achega de 920.000 €
- A entidade local asume o financiamento restante, declara as obras de emerxencia e encárgase da súa execución
- Con esta colaboración, o Goberno galego dá resposta á solicitude do Concello de Ares e contribúe a evitar o risco para a poboación nas zonas de baño e para o ambiente
- Nos últimos anos, a Xunta executou actuacións por importe de 30 M € para a mellora do saneamento municipal de Ares

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Ares para executar as actuacións extraordinarias para garantir o servizo de saneamento municipal, cun investimento de 1,15 M €.

O obxectivo é prestarlle apoio técnico e financeiro ao Concello para resolver a situación derivada da rotura, o pasado 22 de febreiro, do colector do sistema municipal de saneamento que atravesa a praia do núcleo urbano.

Coa colaboración da Xunta, a entidade local poderá asumir as obrigas económicas derivadas da execución das obras necesarias para solucionar as deficiencias detectadas tras a rotura do colector.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, financiará nun 80 % as actuacións, coa achega de 920.000 euros, asesorará e prestará o seu apoio técnico na execución das obras.

Pola súa banda, a Administración local asume o 20 % restante do custo das intervencións, así como a declaración das obras como emerxencia, e tamén a súa execución e posterior mantemento.

Unha vez autorizado hoxe este convenio de colaboración entre ambas as administracións, este terá efectos desde o día seguinte ao da súa sinatura, sendo computables os gastos realizados nas intervencións desde o pasado 14 de marzo.

Deste xeito, o Goberno galego dá resposta á solicitude realizada polo Concello de Ares para a execución das intervencións necesarias de reparación do colector co fin de evitar o risco para a poboación nas zonas de baño e para o ambiente.

#### **Actuacións obxecto do convenio**

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O saneamento do núcleo de Ares está formado por unha rede de sumidoiros por gravidade que verte nun colector común que discorre lonxitudinalmente paralelo á liña de costa e que leva a auga residual ata o bombeo de Ares, desde onde se impulsa sucesivas veces ata chegar á estación depuradora de augas residuais situada en Punta Avarenta.

O pasado 22 de febreiro produciuse unha rotura no tramo inicial do colector que discorre paralelo á praia, denominado Ares 3, que afecta unha lonxitude aproximada de 80 metros, o que deu lugar a unha vertedura directa de augas residuais ao mar e a entrada de auga de mar e area cara ao citado colector.

A Xunta, tras coñecer estas deficiencias no funcionamento do colector, púxose en contacto de xeito inmediato co Concello para ofrecerlle apoio e colaboración de cara a resolver este problema.

Nos días seguintes á rotura e co obxecto de minimizar o impacto ambiental da vertedura realizáronse unha serie de actuacións provisionais de contención da emerxencia, dada a complexidade da reparación e á espera de realizar un estudo técnico sobre a solución para restablecer o funcionamento habitual do colector.

Unha vez emitido o informe técnico xustificativo da necesidade de levar a cabo intervencións extraordinarias para a reparación do colector e co obxectivo de eliminar a vertedura incontrolada de augas residuais sen tratar ao mar, a entidade local declarou o pasado día 14 de marzo a emerxencia das actuacións extraordinarias para garantir o saneamento, ordenando a execución inmediata das obras e subministración para asegurar o funcionamento da rede municipal.

Nos últimos anos, a Xunta levou a cabo actuacións para a mellora do saneamento municipal de Ares por un importe global de 30 M €, incluíndo a execución do citado colector, que foi entregado ao Concello no ano 2014, para a súa conservación e mantemento.

Con esta nova colaboración, o Goberno galego continúa prestando o seu apoio aos concellos para que poidan exercer de xeito eficiente e responsable as súas competencias de saneamento, abastecemento e depuración e proporcionar uns servizos de calidade aos cidadáns.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PASARELA PEONIL NA PONTE SOBRE O REGO VAL DOS GOZOS EN CUDEIRO, NO CONCELLO DE OURENSE**

- O Goberno galego destinará preto de 382.000 € a esta actuación de mellora da accesibilidade e da seguridade viaria na estrada autonómica OU-150
- A pasarela terá preto de 50 metros de lonxitude e un ancho de 2,50 metros
- A intervención complementa a senda xa executada en Valdorregueiro, conectando o itinerario existente en ambos os dous extremos da ponte
- O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe o expediente de información pública e o informe das administracións afectadas pola execución desta pasarela
- A previsión é convocar as expropiacións no segundo semestre do ano, co obxectivo de que a pasarela estea executada no vindeiro ano
- A Xunta impulsou a construción de 16 km de sendas en estradas autonómicas da comarca de Ourense ás cales destina un investimento de 8 M €

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para a construción dunha pasarela peonil na ponte sobre o rego Val dos Gozos en Cudeiro, no concello de Ourense.

O Goberno galego destinará un orzamento de preto de 382.000 € a estas obras que contribuirán á mellora da accesibilidade e da seguridade viaria neste tramo da estrada autonómica OU-150, especialmente para os peóns.

Na reunión de hoxe, o Consello da Xunta tamén aprobou o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas pola execución desta pasarela peonil na OU-150, que se construírá á altura do punto quilométrico 1+000 para permitir atravesar o rego Val dos Gozos.

Esta nova intervención da Xunta complementa os traballos xa rematados o pasado mes de setembro de construción dunha senda na OU-101, en Montealegre, e na estrada OU-150, en Valdorregueiro, que supuxeron un investimento autonómico de 1,6 M €.

No caso concreto da estrada OU-150, en Valdorregueiro, executouse unha senda de case 1 quilómetro de lonxitude na marxe dereita que remata xusto antes da ponte sobre o rego Val dos Gozos. Pasada a ponte existe unha beirarrúa, tamén na marxe dereita da estrada, que discorre ata o seguinte núcleo de Cudeiro.

En consecuencia, co proxecto que se aproba hoxe conectaranse os dous itinerarios peonís de ambos os lados da ponte mediante unha pasarela de arredor de 50 metros de lonxitude e cunha anchura mínima de 2,5 metros, tamén na marxe dereita da estrada.

A estrutura de pórtico da pasarela será de aceiro e canto variable, con sección transversal de barras tubulares en celosía, e dous vans: un principal de luz de 31,94 metros baixo o que discorre o rego Val dos Gozos, e outro van secundario de luz de 16,94 metros. O material do pavimento proxéctase de madeira, de 6 centímetros de espesor, e o pasamáns da varanda peonil tamén será de madeira.


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta convocará os actos expropiatorios no segundo semestre deste ano, co obxectivo de que as obras, que teñen un prazo de execución de 6 meses, estean rematadas no vindeiro 2025.

Nos últimos anos, a Xunta impulsou a execución de máis de 16 quilómetros de sendas nas estradas autonómicas da comarca de Ourense, con 8 M € de investimento. A estas actuacións súmase, ademais, a que está agora mesmo en execución para conformar a nova senda peonil e ciclista que vertebrará de norte a sur a cidade entre a estación intermodal, a Ponte Vella e Expourense, a través da avenida das Caldas e do Barbaña, cun investimento de 5,7 M €.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para favorecer os desprazamentos a pé de modo máis cómodo, seguro e sustentable.

Planos de situación e de planta da actuación autorizada hoxe polo Executivo autonómico:



### PLANTA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APOIA NOVE PROXECTOS DE SECTORES ESTRATÉXICOS A TRAVÉS DA QUINTA EDICIÓN DE FÁBRICA INTELIXENTE E SUSTENTABLE

- Con axudas públicas de 24 M €, estas iniciativas mobilizarán 56 M € e favorecerán a creación de 42 postos de traballo en sectores como a automoción, as TIC, o alimentario ou a madeira
- Están capitaneadas por compañías líder nos seus ámbitos como Stellantis España; Tyrma; GRI Towers Galicia; Hermasa; Benteler; Borgwarner; Norvento; Finsa e Ceamsa, e contan coa participación de seis centros tecnolóxicos ou de investigación
- Desde a posta en marcha deste programa -e contando con esta nova edición- xa son 33 os proxectos apoiados cunha axuda de 100 M €, unha mobilización que supera os 327 M € e a creación de 328 empregos

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá a resolución da quinta convocatoria do programa Fábrica Intelixente e Sustentable, co que busca modernizar a industria galega e asegurar un crecemento baseado na I+D e a innovación en sectores estratéxicos para convertelos en motores do tecido produtivo.

Deste xeito, a nova edición apoiará un total de nove proxectos con preto de 24 M € de axuda pública que mobilizarán 56 M € e favorecerán a creación de 42 novos postos de traballo en eidos como a automoción, as TIC, o alimentario ou a madeira.

Estes proxectos, ademais, están capitaneados por compañías que son líderes nos seus respectivos ámbitos como é o caso de Stellantis España; Tecnología y Reciclaje de Materiales (Tyrma); GRI Towers Galicia; Hermasa Canning Technology, Benteler Automotive; Borgwarner Emissions Systems; Norvento Tecnología; Financiera Maderera (Finsa) e Compañía Española de Algas Marinas (Ceamsa). En total participan 21 empresas e seis organismos de investigación -deles, 16 compañías e un centro obteñen por primeira vez unha axuda deste programa-.

A automoción é o sector que máis axudas recibe, ao sumar 12 M € -a metade do concedido en toda a convocatoria-, mentres que por provincias, Pontevedra suma 16,6 M €, A Coruña 5,4 M €, Lugo 1,25 M € -é a primeira vez que un proxecto desta provincia recibe financiamento neste programa - e Ourense preto de 700.000 euros.

En concreto, os proxectos financiados son os seguintes: Facendo Plus, liderado por Stellantis coa participación de CTAG, Gradient, Aimen, a Universidade de Vigo, EnergyLab, SFC Solutions, Probotec, Unimate Robótica e Itera/Merasys. Este proxecto de investigación industrial supón a evolución dos dous proxectos anteriores da mesma convocatoria. Trátase de conformar ao redor desta planta un ecosistema tecnolóxico avanzado de referencia de vehículos ecolóxicos. As actividades do proxecto pivotan sobre catro eixes fundamentais: Fábrica do Futuro (fábrica virtual, conectada, áxil e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

flexible), o Vehículo do Futuro (sustentabilidade) e Conectividade e Infraestrutura (smart confort, vehículo conectado, autónomo e intelixente).

Tamén no eido da automoción, destacan outros proxectos como o impulsado por Benteler, o CTAG e Exla Packaging Solutions para desenvolver un sistema de xestión intelixente e control dos procesos lóxicos de toda a cadea de valor da subministración da automoción. Ou o liderado por Borgwarner tamén co CTAG e con Binarial Automoción y Robótica para deseñar dispositivos electrónicos de transferencia de calor para unha refrixeración excelente dos compoñentes dos motores eléctricos.

Tecnología y Reciclaje de Materiales (Tyrma) lidera o proxecto Plastic2Oil para a obtención de residuo cero na reciclaxe de residuos plásticos a través de metodoloxías innovadoras que permitan a revalorización dos restos. Isto permitirá ao tecido industrial galego a adaptación á futura demanda de uso de materiais reciclados.

Gri Towers Galicia xunto con Tecfilter, Dalp Ingeniería y Automatización desenvolverán novas solucións disruptivas para unha nova ruta de fabricación intelixente, sustentable e segura de superestructuras eólicas que sirva de referencia para a nova xeración de torres eólicas.

Hermasa e Anfaco-Cecopesca investigarán, desenvolverán e validarán tecnoloxías industriais vinculadas a sistemas intelixentes de inspección e control do proceso conserveiro para acadar un novo modelo operativo e produtivo innovador tanto para o fabricante como para o usuario final.

O proxecto Fisterra promovido por Norvento, a Universidade de Vigo e o CTAG buscará poñer en mercado unha solución para embarcacións que permitirá ás autoridades portuarias e os seus operadores dispor dunha subministración eléctrica descarbonizada, fiable e adaptada ás súas necesidades para o tráfico portuario máis pesado.

A Compañía Española de Algas Marinas (Ceamsa) desenvolverá unha liña piloto flexible, intelixente e sustentable para o desenvolvemento experimental de novos hidrocoloides naturais tanto de aplicación alimentaria como non alimentaria. Por último, Finsa, xunto con Vales Coruña, Foresa Industrias Químicas del Noroeste e F. Couceiro buscará facer uso da intelixencia artificial para a súa aplicación en procesos e produto.

Fábrica intelixente e sustentable enmárcase no segundo reto da Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia consistente no desenvolvemento dun modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento. Deste xeito, permite impulsar as cadeas de valor estratéxicas de Galicia, impulsar solucións tecnolóxicas disruptivas e innovadoras para dar resposta á transformación sustentable e dixital da industria galega e poñer en marcha grandes proxectos que, sen axuda pública, probablemente non se desenvolverían. En definitiva, este programa segue a decidida aposta da Xunta de fomentar o coñecemento e as tecnoloxías como elemento central á hora de gañar en produtividade e competitividade industrial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Desde a posta en marcha deste programa, no ano 2016 -e contando coa nova resolución- son un total de 33 proxectos apoiados, cunha axuda de 100 M €, unha mobilización que supera os 327 M € e a creación de 328 postos de traballo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUMENTA A PROTECCIÓN FRONTE Á PNEUMONÍA, MENINXITE E SEPSE COA INCLUSIÓN NO CALENDARIO GALEGO DA VACINA ANTIPNEUMOCÓCICA 20 VALENTE PARA MENORES

- O Goberno galego autoriza a compra da vacina antineumocócica máis completa que existe por un valor estimado de 11,5 millóns de euros en dous anos
- O ano pasado houbo 203 casos de enfermidade pneumocócica invasiva (ENI) en Galicia, onde se inclúen as formas máis graves como a sepsis e a meninxite
- Estímase que a vacina 20 valente cobre os serotipos que causan o 60 % dos casos na nosa comunidade
- A vacina antipneumocócica xa se administra aos 65 anos e a grupos de risco, e recentemente foi aprobada a súa indicación por debaixo dos 18 anos
- A partir do 15 de abril vacinaranse os bebés aos dous, catro e seis meses de idade, cun reforzo aos 11 meses

O Consello da Xunta autorizou a subministración sucesiva da vacina antipneumocócica conxugada de 20 serotipos, por un valor estimado de 11,5 millóns de euros en dous anos, coa que se aumentará a protección fronte enfermidades leves do tracto respiratorio superior e formas graves como a pneumonía, a meninxite ou a sepsis. A vacina, que xa se administraba aos 65 anos e a grupos de risco, está agora indicada por debaixo dos 18 anos polo que se incluírá a menores que formen parte dos grupos de risco e no calendario galego de inmunización ao longo de toda a vida a bebés con tres doses -aos dous, catro e seis meses de idade- e cun reforzo aos 11 meses.

Desta forma, Galicia substituirá a vacina 13 valente pola presentación máis completa que se comercializa na actualidade, cunha composición que protexe fronte a 20 serotipos do *Streptococcus pneumoniae*. Entre as súas vantaxes, a vacinación antipneumocócica diminúe a morbimortalidade especialmente pola enfermidade pneumocócica invasiva e contribúe a reducir a necesidade de uso de antibióticos e as resistencias a estes medicamentos.

#### **Protección catro veces superior**

Estímase que a vacina 20 valente pode chegar a unha protección catro veces maior que a 13 valente, tendo en conta os serotipos que circulan na nosa comunidade. Segundo os datos de vixilancia epidemiolóxica da Consellería de Sanidade, o 60 % dos casos de enfermidade pneumocócica invasiva (ENI), incluídas as formas máis graves como a sepsis e a meninxite, son debidos a serotipos que estarán presentes na nova vacina. Polo tanto, calcúlase que poderían diminuír os ingresos nesa porcentaxe do 60 %, sendo 203 casos en 2023.

Esta mellora do calendario vacinal galego, proposta pola Dirección Xeral de Saúde Pública, suporá un custo anual de 908.570 euros. No caso de 2024, ao incorporar a

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

medida no mes de abril, o investimento a maiores será de 640.000 euros con respecto ao ano pasado. A previsión do número de doses que se administrarán será de 55.000 en 2024 e 56.000 o próximo ano.

A Xunta para o ano 2024 incrementou o investimento no Programa galego de vacinación nun 40 %, situándose preto dos 40 millóns de euros e duplicando o orzado desde o ano 2020. Este incremento responde á incorporación nestes anos, entre outras, das vacinas fronte á meninxite B, a bronquiolite polo virus respiratorio sincitial, o rotavirus, o herpes zóster ou a citada vacina antipneumocócica conxugada de 20 serotipos. Así, Galicia afianza a súa aposta pola saúde pública co calendario de vacinación máis completo de España.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A TENDENCIA POSITIVA DO MERCADO DE TRABALLO EN GALICIA RATIFICA O ÉXITO DO ESFORZO INVESTIDOR DA XUNTA EN POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO

- A Xunta de Galicia é a Administración autonómica do Estado con máis investimento en emprego, xa que supera os 205 millóns de euros mobilizados nos dous primeiros meses de 2024
- As achegas aos traballadores por conta propia coinciden cun incremento nas altas das persoas autónomas, cun 0,2 % máis de afiliación no mes de febreiro
- En 2023, as axudas da Consellería de Promoción do Emprego para autónomos e desempregados beneficiaron 51.000 persoas, o que se traduce en máis emprego e menos paro
- O ano pasado pechou con cifras históricas de desemprego, por debaixo da barreira dos 130.000 demandantes, un 8,9 % menos que en 2022 e cun incremento de case un 2 % no número de afiliacións á Seguridade Social
- O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe que recolle o grao de investimento de Galicia en comparación co resto das CC.AA. no eido laboral e os resultados desas políticas en materia de contratación e emprego

A tendencia positiva do mercado de traballo en Galicia ratifica o éxito do esforzo investidor da Xunta en políticas activas de emprego. Así se constata nun informe que avaliou hoxe o Consello da Xunta no cal se recolle o grao de investimento de Galicia en comparación co resto das comunidades autónomas no eido laboral e no cal se dan a coñecer os resultados beneficiosos desas políticas na contratación e no emprego.

A Xunta de Galicia foi nos dous primeiros meses de 2024 a primeira Administración autonómica de todo o Estado cun maior esforzo investidor en políticas activas para o emprego, xa que con máis de 205 millóns de euros mobilizados é a primeira con maior número de convocatorias de axudas ao emprego publicadas.

Iniciativas como a cota cero para os novos autónomos, o programa de promoción do emprego autónomo ou o de nova oportunidade para traballadores por conta propia están a propiciar máis e mellor emprego nun ano en que o paro continúa a tendencia á baixa dos últimos exercicios (129.011 persoas paradas en marzo, un 9,05 % menos que no mesmo mes do ano anterior). Por outra banda, as achegas aos traballadores por conta propia nos dous primeiros meses de 2024 coinciden cun incremento nas altas das persoas autónomas, cun 0,2 % máis de afiliacións no mes de febreiro (preto de 500 máis).

Desde a convocatoria en xaneiro da cota cero recibíronse xa case 4.000 solicitudes, das que están concedidas ou en fase de concesión 1.237, un 32 %. Esas novas altas suman novos emprendedores ao mercado laboral galego e, polo tanto, máis traballadores e máis cotizantes.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Do mesmo xeito, a Administración autonómica dá continuidade este ano ao programa de promoción do emprego autónomo, que está dotado con 28,9 millóns de euros, un 141 % máis que no ano anterior. Nesta actuación inclúese a cota cero. Outras axudas como a de nova oportunidade para aqueles que fracasaron na súa primeira experiencia como traballadores por conta propia ou as convocadas para consolidar ou ampliar os negocios, para contratar persoal ou para conciliar contribuíron tamén á mellora do mercado laboral galego.

### **Balance de 2023**

Os beneficios do impulso ao emprego no eido da contratación reflíctense, por exemplo, no balance de actividade do ano pasado, cando as axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para autónomos e persoas desempregadas beneficiaron 51.000 persoas. O ano 2023 pechou con cifras históricas de desemprego, por debaixo da barreira dos 130.000 demandantes, un 8,9 % menos que en 2022 e cun incremento de case un 2 % no número de afiliacións á Seguridade Social.

Os bos datos do mercado laboral están directamente vencellados aos esforzos feitos desde o Goberno galego para impulsar o emprendemento e a creación de postos de traballo. A convocatoria lanzada en 2023 para a promoción do emprego autónomo, por exemplo, beneficiou máis de 3.000 traballadores que recibiron achegas para facer fronte aos gastos derivados do inicio da súa actividade.

Por outra banda, 150 profesionais puideron darse unha nova oportunidade como empresarios grazas ás achegas de 10.000 euros que recibiron cada un deles. As axudas á contratación indefinida permitiron realizar 131 novos contratos e os incentivos á contratación do programa Galicia Emprega facilitaron a incorporación de 1.292 traballadores. Aprox Rural, con preto de 500 beneficiarios ou o programa Investigo, con 293 contratados, impulsaron tamén o mercado de traballo.

Polo que respecta ao emprendemento, a Xunta apoiou con 7 millóns investimentos de preto de 900 iniciativas no traballo autónomo, nas pemes e na economía social, e 5 millóns máis para a consolidación de iniciativas empresariais e para a xeración dun cento de postos de traballo máis.

Galicia tamén recolleu os froitos dos incentivos ao emprego no eido da economía social. O programa Aprox Economía Social beneficiou preto de 500 persoas, e aos centros especiais de emprego destináronse cerca de 26 millóns para apoiar a inserción laboral de case 4.000 persoas con discapacidade. Os obradoiros de emprego, os programas integrados de emprego e os programas de garantía xuvenil facilitaron tamén a incorporación de persoas ao mercado de traballo.

### **O maior esforzo investidor do Estado**

A comparativa coas outras comunidades autónomas permite concluír que Galicia é a que está a facer este ano un maior esforzo investidor en materia de emprego. O estudo, para facer a comparativa, baséase nas axudas publicadas no conxunto de boletíns oficiais das

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

administracións públicas de Galicia (Xunta e deputacións) e en España. O documento céntrase en axudas con criterios específicos do ámbito laboral, é dicir, aquelas que teñen unha vinculación esencial coa creación e o fomento do emprego e as políticas activas de emprego.

O esforzo na convocatoria destas axudas nos dous primeiros meses do ano por parte da Xunta vai en consonancia co nivel de investimento económico realizado. Así, os programas de axudas publicados supuxeron os máis de 205 millóns de euros mobilizados, moi por enriba de Madrid (165,15 millóns) ou Valencia (67,56 millóns).

Así mesmo, o estudo reflicte que a Xunta de Galicia ocupa o primeiro lugar por investimento medio feito por persoa parada con 1.569,49 euros, moi por diante de Madrid (540,18 euros), Baleares (386,21 euros) ou Navarra (313,94 euros). A media no conxunto do Estado situouse nos 247,17 euros de investimento por persoa parada rexistrada, o que pon de manifesto o esforzo realizado pola Xunta de Galicia, cun 535 % máis que a media estatal.

Este estudo amosa, tal e como reflicten os datos, un seguimento do esforzo investidor da Xunta de Galicia en políticas activas de emprego, que pon en valor a axilidade coa que se puxeron os apoios autonómicos á disposición do tecido produtivo nos dous primeiros meses do ano.

O Goberno galego ten un firme compromiso co impulso do emprego de calidade e do emprendemento e do traballo autónomo. A Xunta, na actualidade, traballa para unificar todas as axudas dirixidas a autónomos e emprendedores para axilizar a súa tramitación e resolución porque o emprendemento xera emprego e dinamiza a economía, ademais de fixar poboación no territorio.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA CREOU MÁIS DE 400 EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA E 2.200 POSTOS DE ALTA CUALIFICACIÓN

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade presentou ao Consello da Xunta un balance do programa de iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBTS), que abrirá este mes unha nova convocatoria dotada con medio millón de euros
- Este 2024 como novidade ampliarase a intensidade das axudas para a contratación nestas empresas de persoas desempregadas menores de 30 anos, maiores de 55, estranxeiras ou emigrantes retornadas
- No eido da cualificación tecnolóxica, un total de 13.000 persoas recibiron desde 2009 formación no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia, referente nesta materia

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade favoreceu a creación dun total de 2.224 postos de alta cualificación e de 406 empresas consideradas iniciativas de base tecnolóxica (IEBTS) grazas ao programa de incentivos ao emprendemento dirixido a investigadores e titulados universitarios.

Desde que naceu esta iniciativa pioneira no Estado, a Xunta vincula a creación de empresas innovadoras de base tecnolóxica coa creación de emprego estable, a razón dunha media de 17 firmas por ano, cun índice de supervivencia do 53,12% e no 92% dos casos mediante a forma xurídica de sociedade limitada.

Por sectores, a incidencia deste programa foi maior no ámbito das actividades científicas (44% das novas iniciativas) e da información e comunicación (29,8%).

No marco desta actuación, a achega media das iniciativas beneficiarias foi de 25.000 euros, téndose investido un total de 5,4 millóns de euros.

Promoción do Emprego e Igualdade ten previsto publicar no DOG este mes a nova convocatoria desta orde de axudas. Cun orzamento de medio millón de euros, seguiranse a apoiar os gastos durante o primeiro ano de actividade das empresas IEBTS creadas.

A orde inclúe catro liñas de axuda: (1) para a creación de emprego estable, (2) inicio e posta en marcha da actividade, (3) conciliación e, (4) apoio á función xerencial das persoas promotoras na súa toma de decisións.

Para a creación de postos de traballo indefinidos durante o primeiro ano de funcionamento a Xunta concede apoios que van dos 6.000 aos 12.000 euros por persoa desempregada incorporada. A axuda mínima de 6.000 euros verase ampliada este ano ata os 8.000, por primeira vez, nos casos nos que o traballador sexa menor de 30 anos ou maior de 55, sexa muller ou se trate dun emigrante retornado ou estranxeiro. Ademais seguiranse a incrementar as achegas cun 25% extra acumulables no caso no que o centro de traballo se atope nun concello rural, entre outros supostos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A contía para atender os gastos de posta en marcha da actividade -notaría e rexistro, compra de materias primas, arrendamento do local ou equipamentos, seguro, publicidade e páxinas web- acadan un máximo de 24.000 euros.

A liña de apoio económico á función xerencial, ata un máximo de 10.000 euros, inclúe achegas para a formación do empresario e/ou para a realización externa de análises, estudos ou informes. Tamén están previstas axudas de ata un máximo de 3.000 euros para garantir a conciliación e sufragar ata o 75% dos custos dos servizos de coidado de menores, maiores ou dependentes que contraten os impulsores das iniciativas.

### **Formación no CNTG**

Galicia conta ademais co Centro de Novas Tecnoloxías (CNTG), dependente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que se ten convertido en referente no eido da cualificación para o sector TIC, tendo formado desde 2009 máis de 13.000 persoas a través de máis de 1.000 accións, tal e como se trasladou ao Consello de hoxe.

Para atender a elevada demanda, o Goberno autonómico deseñou para o período setembro 2023-décembro 2024 unha oferta formativa sen precedentes, que amplía o número de cursos ata os 115 (case o triplo que na anterior convocatoria), e as prazas ofertadas, que se sitúan por enriba das 2.300 (máis do dobre que na edición previa).

Entre as temáticas máis demandadas, ofértanse cursos en ciberseguridade, servizos na nube, ciencia de datos e intelixencia artificial, desenvolvemento de aplicacións ou xestión avanzada de sistemas, entre outros.

A formación especializada en tecnoloxías supón un pilar fundamental para captar e manter o talento neste relevante sector para a economía galega, e recualificar outros perfís para a súa incorporación ao mercado de traballo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LANZA UN PLAN DE ACCIÓN PARA REFORZAR A CALIDADE E SUSTENTABILIDADE NAS EMPRESAS TURÍSTICAS E NOS DESTINOS GALEGOS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 570.000 €**

- O Consello da Xunta informa das actuacións previstas durante este ano que, como novidade, inclúen intensificar as certificacións nas contornas do Camiño de Santiago
- Incrementarase un 23 % a contía das axudas a empresas e concellos para o apoio á certificación, seguimento e renovación da marca Q de Calidade e S de Sustentabilidade
- De xeito global, o obxectivo é acadar este ano 140 novas marcas Q de Calidade e S de Sustentabilidade tanto nas empresas do sector como en servizos de xestión pública

O Consello da Xunta informou hoxe das distintas actuacións que Turismo de Galicia levará a cabo este ano para reforzar a calidade do destino galego a través dun plan de acción dotado con máis de medio millón de euros que se dirixirá tanto ao sector privado como público. A intención é consolidar a posición de liderado da Comunidade galega en materia de certificación de calidade e sustentabilidade turística, e, de xeito especial, intensificalo nas contornas do Camiño de Santiago. O obxectivo global será acadar este ano 140 novas marcas Q de Calidade e S de Sustentabilidade turística tanto en empresas como en servizos públicos.

Para impulsar a calidade turística nos servizos públicos, Turismo de Galicia, en colaboración co Instituto para a Calidade Turística Española e a Sustentabilidade (ICTES), levará a cabo este ano un novo proxecto de implementación e certificación do S de Sustentabilidade turística e Q de Calidade turística en distintos recursos de xestión pública vinculados co Camiño de Santiago. Deste xeito, promoveranse as certificacións en espazos singulares, oficinas de información turística, museos, instalacións náutico-deportivas, praias, transporte turístico, espazos naturais protexidos ou albergues situados nalgún dos itinerarios do Camiño de Santiago.

Como novidade, poderán incorporarse á certificación S de Sustentabilidade turística tamén os albergues de Rede pública de albergues do Camiño de Santiago. O obxectivo neste caso é acadar 20 novas marcas Q de Calidade e 80 novas marcas S de Sustentabilidade ao remate de 2024 nestes contornos xacobeos. Na planificación das actuacións para este novo proxecto está previsto que este mes de abril se desenvolvan cinco xornadas informativas (Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra), dirixidas aos responsables dos concellos polos que pasa o Camiño de Santiago para informalos desta nova iniciativa.

O Plan de acción de 2024 inclúe tamén que a Xunta de Galicia dea continuidade ao seu traballo para promover que un maior número de destinos se adhiran ao Sistema integral de calidade turística española en destinos (SICTED). Hoxe en día en Galicia cóntase con 18 destinos SICTED certificados e distribuídos en 194 concellos de Galicia, o que se

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traduce en 1.344 servizos turísticos. Turismo de Galicia seguirá apoiando economicamente os destinos SICTED, a través dos xeodestinos, así como dos diferentes plans de sustentabilidade turística en destino que se están desenvolvendo no marco dos fondos europeos NextGeneration.

### **Máis empresas certificadas**

No eido da calidade turística no sector privado, o Plan de acción inclúe o impulso do Goberno autonómico para que as certificacións de calidade cheguen tamén a cada vez máis empresas turísticas. Neste sentido, Turismo de Galicia, en colaboración co Clúster de Turismo de Galicia continuará prestando apoio e asesoramento ás empresas para que estean en condicións de superar a auditoría externa para a consecución do Q de Calidade Turística e o S de Sustentabilidade.

O obxectivo deste ano é manter as entidades empresariais certificadas co Q de Calidade e o S de Sustentabilidade en 2023 e acadar un mínimo de 20 novos certificados Q e outros 20 novos certificados S.

Como complemento a estas accións, Turismo de Galicia incrementará este ano un 23 % a contía das axudas anuais, en réxime de concorrencia competitiva, para apoiar establecementos e servizos turísticos de xestión pública ou privada nos procesos de certificación, seguimento e renovación da marca Q de Calidade ou S de Sustentabilidade.

En total, o Plan de acción de calidade e sustentabilidade turística da Xunta para 2024 conta cun investimento de 570.600 €, dos cales, 409.900 € son para o sector privado e 160.700 € para o sector público.

### **Galicia, líder en certificacións turísticas**

Con este novo Plan de acción, o Goberno autonómico avanza no seu traballo pola busca da excelencia do destino con cada vez máis establecementos e servizos turísticos certificados pola súa calidade e aposta pola sustentabilidade. Hoxe en día, Galicia é a segunda Comunidade Autónoma con maior número de Q de Calidade turística, só por detrás de Andalucía. Pechou o ano 2023 con 313 entidades adheridas (255 de xestión privada e 58 de xestión pública)

No que se refire ao S de Sustentabilidade turística, Galicia ten certificadas actualmente 39 entidades (35 de xestión pública e 4 de xestión privada) con esta distinción -que comezou a entregarse o ano pasado- e ocupa o cuarto posto en número de entidades con esta distinción.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA PECHA 2023 CUN DÉFICIT DO 0,1% NO 2023, DÚAS DÉCIMAS MENOS DO PREVISTO**

- Logo de pechar 2023 cunha execución orzamentaria do 99,6%, a Xunta cumpre, un ano máis, co obxectivo de estabilidade
- A cifra de déficit é tamén inferior en oito décimas á rexistrada pola media das Comunidades Autónomas
- Rematado o período 14-20 dos fondos europeos FEDER e FSE, Galicia executou máis do 113% dos Programas Operativos de fondos estruturais xestionados pola comunidade
- Ademais, Galicia foi quen de reducir a súa ratio de endebedamento/PIB ata o 16,1%, a máis baixa desde o ano 2012
- Galicia amosa o seu compromiso coa sustentabilidade das finanzas públicas asumindo o control da débeda

Galicia registrou un déficit de 100M€ o ano pasado, o que supón, en termos de contabilidade nacional, un 0,1% do PIB, dúas décimas menos do límite previsto nos orzamentos e do obxectivo fixado para as CC.AA. (0,3%), rematando 2023 cun déficit oito décimas inferior ao da media das CCAA (0,9%) e cumprindo, un ano máis, o obxectivo de estabilidade.

Así o reflicte un informe presentado ao Consello da Xunta polo titular en funcións da Consellería de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, relativo ao peche do exercicio do ano 2023.

O informe analizado hoxe mostra que Galicia pechou o 2023 cunha execución do orzamento do 99,6%, e que foi a comunidade que realizou o maior esforzo investidor, destinando un 16% do gasto non financeiro a investimentos.

Ademais, foi a segunda Comunidade Autónoma de réxime común cun maior aforro bruto, un total de 940M€ que se destinaron a investimentos, o que contribúe ao financiamento do crecemento futuro de Galicia. O aforro bruto, medido como a capacidade de financiar gastos de capital con ingresos correntes, é unha das magnitudes que permiten analizar a xestión orzamentaria e a sustentabilidade das finanzas públicas.

Por outra banda, Galicia foi a segunda comunidade que pagou con máis axilidade aos seus provedores no ano 2023, nunha media de 14 días, por debaixo da media de Comunidades Autónomas, que se situou en 27 días. Esta axilidade beneficia aos provedores que traballan coa Xunta (preto de 25.000), pois favorece a súa liquidez, tendo en conta que moitos deles son pemes e mesmo autónomos. Por iso, o Goberno galego reafirma o seu compromiso con seguir pagando coa máxima axilidade posible. Cómpre salientar tamén que, rematado o período 14-20 do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo (FSE), Galicia executou máis do 113% dos Programas Operativos de fondos estruturais xestionados pola Comunidade Autónoma.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **Endebedamento**

O informe avaliado hoxe tamén mostra que Galicia pechou o pasado exercicio reducindo a ratio débeda/PIB ao 16,1%, a máis baixa desde o 2012. Así, ao peche de 2023 foi a quinta comunidade de réxime común cunha menor ratio e o diferencial coa media autonómica foi 6,1 puntos inferior á ratio débeda/PIB da media de comunidades autónomas, que se situou no 22,2%.

En canto á débeda por habitante, sitúase en Galicia nos 4.507 euros fronte aos 6.747 euros da media de comunidades, co que cada galego debe hoxe 2.240 euros menos que a media autonómica.

Hai que lembrar que, segundo os datos do Banco de España, Galicia é a comunidade autónoma con menor aumento de volume de débeda desde o ano 2008, exercicio no que comezou a tendencia ascendente na evolución do endebedamento no conxunto das administracións públicas de España, logo da grande crise. Deste xeito, Galicia amosa o seu compromiso coa sustentabilidade das finanzas públicas asumindo o control da débeda, pasando de ser unha das CCAA máis endebedadas (a 4ª máis endebedada a finais de 2008) a unha das menos (a 12ª ao peche de 2023).

Ademais, logo do esforzo extraordinario por mor da pandemia, Galicia leva unha senda descendente das súas ratios de endebedamento, que se consolidará este ano, xa que os orzamentos para 2024 están elaborados sen novo endebedamento por primeira vez nos últimos 16 anos e se prevé pechar este exercicio no 15,4%.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA LEVARÁ ESTE ANO A TELEFONÍA MÓBIL A NÚCLEOS ILLADOS EN QUE VIVEN MÁIS DE 4.000 PERSOAS COA AUTORIZACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA**

- A actuación, subvencionada ao recibir unha autorización expresa da Comisión Europea, converte Galicia na primeira comunidade autónoma en dispoñer dunha liña de axudas para extensión da telefonía móbil
- As novas directrices da UE relativas a axudas estatais ás redes de banda larga publicadas en 2023 poñen de exemplo esta iniciativa da Xunta
- O acordo entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias permitirá ter este ano en funcionamento polo menos 57 torres, que darán cobertura a máis de 144 núcleos de poboación
- Trátase dunha medida excepcional e complementaria ao compromiso do Estado de dotar de banda larga fixa ou móbil o 100 % da poboación en 2025

Máis de 4.000 persoas que residen en, polo menos, 144 núcleos de poboación rurais e illados, disporán este ano de cobertura móbil de voz e datos no marco da actuación acordada entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, e autorizada pola Comisión Europea. O Consello da Xunta recibiu hoxe un informe sobre o estado desta iniciativa.

Trátase dunha actuación excepcional e complementaria aos compromisos do Estado, que ten as competencias en telecomunicacións, e que debe dotar de banda larga fixa ou móbil de polo menos 100 Mbps ao 100 % da poboación, en 2025. Galicia logrou a autorización da primeira liña de axudas a unha comunidade autónoma para a extensión da telefonía móbil en España. A iniciativa da Xunta está a ser empregada como exemplo para os Estados membros, tal como se referencia nas novas directrices relativas ás axudas estatais ás redes de banda larga publicadas en 2023.

O acordo entre a Xunta e os concellos permitirá que este ano entren en funcionamento polo menos 57 torres.

As torres que xa están construídas proporcionarán cobertura a entidades de 6 municipios da provincia da Coruña, 16 de Lugo, 19 de Ourense e 3 de Pontevedra.

A actuación conta cun orzamento de máis de 11 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia, dos que 3,7 millóns se destinaron á subvención a Vodafone para a prestación do servizo e o resto ás infraestruturas públicas que está a levar a cabo Retegal, entre elas a construción das torres e as acometidas eléctricas. As parcelas en que se están a instalar as torres foron postas á disposición polos concellos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA PON EN VALOR QUE EN GALICIA XA SE PODE EQUIPARAR FISCALMENTE O IRPF DAS FAMILIAS DE DOUS FILLOS COAS FAMILIAS NUMEROSAS, CONVERTÉNDOSE NA PRIMEIRA COMUNIDADE EN APLICAR ESTA MEDIDA**

- Lembra que as familias galegas que se beneficiarán desta medida xa poden aplicar esta dedución na Campaña do IRPF 2023 que comezou onte
- Deste xeito, salienta que as familias con dous fillos poderán deducir 250 € no IRPF, incentivo que ata agora só tiñan as numerosas de categoría xeral para as que agora se duplica, ata os 500 €
- Precisa que en total serán case 190.000 familias, entre numerosas e con dous fillos, as que resulten beneficiadas na súa declaración
- Os galegos tamén se beneficiarán da deflactación dos tres primeiros tramos autonómicos, da baixada do primeiro e do aumento dos mínimos persoal e familiar
- Cada contribuínte galego aforrará na declaración correspondente ao ano 2023 unha media de 476 € en relación co ano 2009
- Os galegos poden aplicarse múltiples deducións vixentes por nacemento, acollemento, novas tecnoloxías, alugamento, rehabilitación ou mellora enerxética, entre outras.
- A Atriga prestará asistencia con 36 funcionarios para confeccionar a declaración da renda, en todas as súas modalidades

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, destacou hoxe que en Galicia xa se pode equiparar fiscalmente no IRPF as familias de dous fillos coas familias numerosas e lembrou que esta dedución xa se pode aplicar na campaña da renda correspondente ao ano 2023, que comezou onte. Deste xeito, a Comunidade galega convértese na primeira en aplicar esta medida.

“Galicia segue a ser referente na baixada de impostos e na aplicación de novas deducións fiscais para mitigar os efectos da inflación nos fogares galegos”, puxo en valor Rueda en referencia a esta medida xunto con outras xa en marcha ou que se aplicarán na nova Lexislatura.

Rueda explicou que nesta declaración da renda as familias con dous fillos xa poderán deducir 250 €, un incentivo que ata o de agora tiñan as familias numerosas (250 € as de categoría xeral e 400 € as de especial) que agora se dobra para as familias de tres fillos (500 €). Esta cantidade increméntase noutros 250 € por cada fillo a maiores (a partir de tres). En total, e segundo salientou o mandatario galego, serán “case 190.000 familias”, entre numerosas e con dous fillos, as que resulten beneficiadas na súa declaración.

Ademais, puxo en valor que os contribuíntes galegos se beneficiarán, ao igual que na campaña da renda de 2022, da deflactación dos tres primeiros tramos autonómicos do IRPF; da rebaixa do primeiro tramo e do incremento dos mínimos persoal e familiar. O

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

obxectivo destas medidas é mitigar os efectos da inflación da renda dispoñible das familias e reforzar o impulso da reactivación económica.

Desta forma, benefíciense todos os contribuíntes e, de maneira especial, as rendas medias e baixas. Así, grazas a todas estas medidas, sumadas ás que xa estaban en vigor con anterioridade, Rueda salientou que permitirán que un contribuínte galego aforre, de media, na súa declaración da renda correspondente ao ano 2023 “476 euros en relación co que pagaba no ano 2009”.

### **Múltiples deducións vixentes**

Rueda lembrou que existen multitude de deducións vixentes que os contribuíntes galegos poden aplicar na súa declaración da renda, entre as que citou as referidas ao nacemento ou adopción de fillos, ao coidado de fillos menores, aos contribuíntes con discapacidade de 65 ou máis anos que precisen axuda de terceiros, aos gastos dirixidos ao uso de novas tecnoloxías nos fogares galegos ou aos de alugamento da vivenda habitual para os de idade igual ou inferior aos 35 anos.

Outras posibles deducións terán vantaxes fiscais por acollemento familiar de menores, por investimento na adquisición de accións e participacións sociais de novas entidades ou de recente creación, por investimentos realizados en entidades cotizadas no mercado alternativo bolsista, por donativos a centros de investigación de universidades galegas e os promovidos ou participados pola Xunta, por investimento en instalacións de climatización e/ou auga quente sanitaria que empreguen enerxías renovables en vivenda habitual ou por rehabilitar bens inmobles en conxuntos históricos.

Tamén poderán aplicarse deducións por cantidades investidas en empresas agrarias e sociedades cooperativas agrarias ou de explotación comunitaria da terra, por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares, por axudas e subvencións recibidas por deportistas de alto nivel ou por adquisición e rehabilitación de vivendas en proxectos de aldeas modelo.

### **Asistencia aos contribuíntes**

Por outra banda, unha campaña máis a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) colaborará de novo coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e prestará asistencia con 36 funcionarios aos contribuíntes na confección de declaracións do IRPF nesta campaña, con tres servizos: asistencia telefónica a través do Plan Chamámolo, videoasistencia para maiores de 65 anos e asistencia presencial tradicional, desde as plataformas mixtas, situadas en dependencias da AEAT nas sete grandes cidades galegas -A Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo-.

A atención telefónica a través do Plan Chamámolo e a videoasistencia para maiores de 65 anos comezarán o 7 de maio, mentres que a asistencia presencial en oficina comezará o 3 de xuño. Todas as modalidades de asistencia rematarán o 1 de xullo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INVESTIMENTO DE PRETO DE 2,4 M € NA OBRA DE EMERXENCIA DE RECONSTRUCCIÓN DO ESTRIBO DA PONTE DA ESTRADA OU-536 EN XUNQUEIRA DE ESPADANEDO**

- O Goberno galego deu conta da tramitación de emerxencia para a reparación dos danos nesta ponte do século XIX que cruza o río Maceda
- Os traballos están xa en execución e prevense rematar no mes de xullo
- Analizadas as deficiencias detectadas, e tendo en conta que a estabilidade e resistencia dos arcos da ponte non se viron afectadas, as intervencións céntrase na desmontaxe, consolidación e reconstrución *in situ* dos muros de cachotaría danados
- A Xunta xa viña realizando un seguimento do estado da ponte con controis que permitiron restrinxir o paso do tráfico e evitar riscos aos condutores
- Para facilitar a mobilidade dos usuarios desta estrada mantense o desvío polas vías OU-0106 e OU-0153, que supón arredor de 5 minutos de traxecto

O Consello da Xunta autorizou a tramitación de emerxencia das obras de reconstrución do estribo da ponte da estrada OU-536, á altura do punto quilométrico 22+928, en Xunqueira de Espadanedo, que suporán un investimento autonómico de 2,38 M €.

O Goberno galego deu conta da tramitación de emerxencia para a reparación dos danos desta ponte do século XIX que cruza o río Maceda. Os traballos están xa en execución e o obxectivo é telos rematados este vindeiro mes de xullo.

O pasado 23 de febreiro, a Xunta pechou ao tráfico da ponte na OU-536 ao detectárense danos nun dos estribos, o que provocou un posterior derrubamento dos muros de acompañamento. Os técnicos viñan realizando un control e seguimento exhaustivo do estribo, que permitiu adoptar esta medida de anticipación, restrinxindo o paso do tráfico e evitando así riscos para os usuarios da estrada.

As avaliacións técnicas realizadas tras o derrubamento dos muros de acompañamento da ponte, construída no século XIX e ampliada a principios dos anos 80 do pasado século, evidenciaron a inestabilidade dos paramentos laterais destes muros a ambos os dous lados da zona derrubada, así como a deformación nos tramos de muro lindeiros, que os invalida para aproveitálos.

Como consecuencia do derrubamento tamén se viu afectada unha pequena instalación de depuración de augas residuais que estaba situada próxima a un dos muros.

Unha vez avaliadas as patoloxías detectadas, e tendo en conta que a estabilidade e capacidade resistente dos arcos da ponte non se viron afectadas, os traballos de reconstrución da ponte céntranse na desmontaxe, consolidación e reconstrución *in situ* dos muros empregando a mesma tipoloxía de cachotaría.

Os labores que se están a levar a cabo seguindo o plan de traballo trazado inclúen a preparación dun camiño de acceso a ambos os dous lados do viaduto, pasando polo arco

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

esquerdo para acceder ao muro ao lado augas abaixo e a instalación de guindastre torre nunha zona rochosa no lado augas arriba.

O obxectivo é poder efectuar a desmontaxe dos treitos dos muros en situación de inestabilidade afectados polo derrubamento, realizar a estabilización da fábrica do estribo esquerdo cunha pantalla de formigón proxectado armado e proceder á disposición dun atirantado de suxeición, retirando todos os materiais do derrubamento. Todas estas operacións realizaranse por fases descendentes e de maneira coordinada.

Descuberto o terreo rochoso de cimentación, os traballos continuarán coa reconstrución dos muros con fábrica de pedra e formigón en masa. O paramento visto será de cachotaría coa mesma forma e disposición que o caído, de modo que esteticamente os muros serán idénticos aos existentes antes do derrubamento, dado que esta infraestrutura está catalogada no inventario de pontes históricas da Xunta.

Na reconstrución do paramento exterior reutilizaranse as pedras de cataría recuperadas que estean en boas condicións, así como pezas labradas de achega. Para procurarlle estabilidade trabarase ao trasdosado do muro.

Tamén se executará un sistema de drenaxe para as posibles augas infiltradas no recheo executado con cachotaría en seco. Na parte superior disporase unha capa de formigón en masa cun agregado alixeirado.

Os traballos completaranse coa reposición do firme da calzada, beirarrúas, varanda e barreiras de seguridade. Tamén se procederá á reposición da unidade de depuración afectada polo derrubamento e á restauración dos terreos ao seu estado orixinal.

O Goberno galego mantén o seu compromiso de traballar coa maior dilixencia na reconstrución do estribo da ponte de Xunqueira de Espadanedo para garantir, dunha banda, a seguridade das persoas e, doutra, para restituír a circulación no menor prazo posible.


Cómpre lembrar que a ponte sobre o río Maceda na estrada OU-536 estaba sendo monitorizada nos últimos meses, desde que se detectaron problemas, para avaliar o seu comportamento e garantir a seguridade viaria.

Ese control de monitorización que estaban a realizar os técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas implicou o control en 3D da ponte, con puntos "albo" para detectar movementos de modo inmediato, que foi o que permitiu actuar con anticipación e restrinxir totalmente o tráfico coa previsión suficiente e sen risco para a circulación.

Co fin de facilitar a mobilidade dos usuarios desta estrada mentres se executan as obras de emerxencia na ponte de Xunqueira de Espadanedo permanece habilitado un desvío provisional polas vías OU-0106 e OU-0153, que supón arredor de 5 minutos de traxecto e pasar de 1,4 a 3,8 quilómetros percorridos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

*Sección reconstrución muros:*





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

*Traballos executados no mes de marzo:*



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA APROBA PROVISIONALMENTE O PROXECTO DE TRAZADO PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA PO-407 NO PORRIÑO CUN INVESTIMENTO DE 425.000 €**

- O obxectivo é habilitar un itinerario de preto de 1 km pola marxe dereita desta vía, para a disposición dun novo espazo seguro para tránsito peonil e independente da calzada nunha zona con vivendas e de acceso ao colexio público Cruz de Budiño
- A senda executarase no treito da vía entre os puntos quilométricos 0+130 e 1+020 cun ancho mínimo de 1,80 metros e bordo, agás nun punto onde existe unha estrutura
- O proxecto inclúe actuacións complementarias de acondicionamento de paradas de autobús e a colocación de pavimento táctil nos vaos peonís
- Nas vindeiras semanas o proxecto de trazado someterase ao trámite de información pública, tamén para os efectos expropiatorios, xa que se afectan 37 predios
- A previsión é aprobar definitivamente o proxecto no outono para realizar a convocatoria dos actos expropiatorios e licitar as obras no primeiro trimestre de 2025
- O Goberno galego segue a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á aprobación provisional do proxecto de trazado para a execución dunha senda peonil na estrada autonómica PO-407, no concello do Porriño.

A actuación, que conta cun orzamento inicial previsto de preto de 425.000 euros, ten por obxecto habilitar un itinerario de preto de 1 quilómetro de lonxitude na marxe dereita desta vía, que discorre integramente polo municipio e cun tráfico maioritariamente local, cunha importante funcionalidade ao contar con vivendas na súa traza e dar acceso a un equipamento educativo como o colexio público Cruz de Budiño.

A Xunta impulsa deste xeito a construción dunha senda no treito da estrada PO-407 comprendido entre os puntos quilométricos 0+130 e 1+020, creando un espazo seguro para o tránsito peonil independente da calzada, xa que esta carece na actualidade dunha zona destinada á circulación dos peóns.

En concreto, a intervención deseñada polo Departamento de Infraestruturas da Xunta consiste na execución dunha senda en formigón coloreado de ancho mínimo de 1,80 metros, agás na contorna do punto quilométrico 0+750, onde existe unha estrutura que fai que o ancho da senda oscile entre os 1,70 metros e os 90 centímetros.

De cara a facilitar a accesibilidade, nos vaos peonís previstos, colocarase pavimento táctil de botóns ou direccional, formado por baldosas de 30x30 centímetros sobre unha base de formigón. O pavimento táctil, indicador de advertencia ou proximidade a puntos de perigo, situarase nos extremos da senda para indicar o seu final, así como nas



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

paradas de autobús ou nos pasos de peóns para advertir a posibilidade de cruzamento con seguridade.

As obras previstas inclúen melloras da seguridade adicionais, como o acondicionamento das paradas de autobús existentes nos puntos quilométricos 0+280 e 0+960. En ambos os casos acondicionarase e ampliarase a zona peonil, sinalizarse o refuxio e disporase de pavimentos que cumprirán as normativas vixentes de accesibilidade.

A intervención completarase con traballos adicionais de instalación dun prisma soterrado de telecomunicacións e iluminación, a mellora dos sistemas de drenaxe, a recolocación de contedores de residuos, sistemas de contención, construción de muros ou reforzo da sinalización.

Tras o acordo hoxe do Executivo autonómico, nas vindeiras semanas someterase ao trámite de información pública o proxecto de trazado da senda, por un prazo dun mes. Este é un trámite necesario para que os interesados poidan presentar suxestións, e tamén para os efectos expropiatorios, xa que coa intervención se afectan 37 predios.


A partir de aí os trámites administrativos continuarán coa análise das achegas recibidas, para incorporar ao proxecto aquelas que se consideren oportunas.

A previsión da Xunta é aprobar definitivamente o proxecto no outono para poder realizar a convocatoria dos actos de levantamento das actas previas das expropiacións e licitar as obras no primeiro trimestre de 2025. O prazo para acometer os traballos é de 8 meses.

O Goberno galego segue a traballar no impulso de actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada e máis vertebrada, mellorando as comunicacións nos municipios e favorecendo unha mobilidade máis cómoda, segura e sustentable.

Treito obxecto da senda proxectada na PO-407:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



*Imaxes actuais da estrada*



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA LEVA MAÑÁ AO CONSELLO DO PATRIMONIO HISTÓRICO ESPAÑOL A CANDIDATURA DE RIBEIRA SACRA A PATRIMONIO MUNDIAL DA UNESCO**

- Salientaa que esta zona, declarada BIC no 2018, "é un dos maiores tesouros patrimoniais de España" que destaca pola súa "riqueza paisaxística, cultural e enogastronómica"
- Galicia exporá a súa proposta nesta reunión, que se celebra na illa da Palma, ante representantes do Ministerio de Cultura e das comunidades, para o seu debate e posterior votación como candidatura de España
- O conselleiro de Cultura explica que o informe será avaliado tras o aprazamento estratéxico do ano 2021 para revisar o traballo feito e fortalecer o expediente co máximo rigor e calidade
- Nesta nova fase, incorporáronse novos perfís ao equipo técnico e retomouse o diálogo co Icomos para avanzar no éxito do expediente
- A Administración autonómica leva investidos preto de 8M € na conservación e posta en valor de diversos bens deste territorio

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico presentará mañá no Consello do Patrimonio Histórico Español, que se celebrará na illa da Palma, a candidatura da Ribeira Sacra "para que se converta en Patrimonio Mundial da Unesco".

Trátase dunha cita á que asistirá o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en funcións, Román Rodríguez, acompañado pola directora xeral de Patrimonio Cultural, M<sup>a</sup> del Carmen Martínez, e na cal os técnicos e profesionais do equipo redactor exporán a proposta da Xunta de Galicia. A continuación, será debatida e sometida a votación para ser elixida como candidata de España e que poida ser abordada no Comité do Patrimonio Mundial.

A Ribeira Sacra abarca máis de 16.000 hectáres de 22 concellos das provincias de Lugo e Ourense e está declarada Ben de Interese Cultural (BIC) desde o ano 2018. Para Rueda "é un dos maiores tesouros patrimoniais de toda España" que destaca "pola súa riqueza paisaxística, cultural e enogastronómica". Por iso, asegurou que a Xunta agarda que "obteña este recoñecemento internacional".

Na mesma liña, o conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades en funcións, Román Rodríguez, destacou os valores "senselleiros" e "as características singulares" da Ribeira Sacra para alzarse con este recoñecemento da Unesco.

Tal e como explicou o conselleiro, o informe que se valorará mañá é o resultado do traballo feito tras o aprazamento estratéxico decidido no ano 2021 para reformular, revisar, fortalecer e mellorar o expediente elaborando contidos específicos que afonden nos valores da Ribeira Sacra e impulsen a súa candidatura co máximo rigor e calidade. Trátase dunha nova fase en que a Administración autonómica traballou en colaboración



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cos técnicos do Ministerio de Cultura e a implicación da Embaixada de España ante a Unesco para avanzar no éxito do expediente.

Neste proceso, os técnicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades intensificaron o traballo para, seguindo as recomendacións do Icomos, o órgano asesor da Unesco, dar un novo impulso á proposta mediante un proceso de diálogo en que estiveron presentes tanto as administracións implicadas como os veciños e membros da comunidade local.

Por outra banda, a Xunta de Galicia tamén ampliou o equipo técnico que traballa na candidatura incorporando novos perfís que axuden a buscar novos e complementarios argumentos e xustificacións co fin de conseguir o máximo recoñecemento da Unesco. Trátase de incorporacións que permiten sumar algúns dos mellores expertos patrimoniais e que marca un punto de inflexión no proceso e na vía de diálogo con Icomos.

Ademais, co fin de impulsar o recoñecemento do valor e a importancia deste territorio, a Xunta de Galicia impulsou a finais do ano pasado a celebración do encontro *Paisaxes da auga: unindo o pasado co futuro*, unha cita internacional que reuniu no corazón da Ribeira Sacra a unha trintena de expertos para abordar de xeito conxunto os desafíos relativos á preservación, a investigación, a protección e promoción do patrimonio a través da posta en marcha de novas vías de diálogo entre profesionais de diferentes ámbitos.

De xeito paralelo a este traballo, desde o ano 2017, cando comezaron os primeiros traballos da candidatura, a Xunta leva investidos preto de 8 M € na conservación e posta en valor de diferentes bens patrimoniais desta comarca das provincias de Lugo e Ourense. Así, ao longo deste período, a Administración autonómica executou, en solitario ou en colaboración con outras institucións e concellos, máis de 90 actuacións tanto en materia arquitectónica como arqueolóxica en diferentes bens como igrexas, mosteiros, museos, castros ou xacementos romanos, entre outros.

Román Rodríguez explicou que a candidatura que se presenta mañá – *Paisaxe da auga: Ribeira Sacra*– céntrase en destacar o vínculo desta zona coa auga que marca desde a súa paisaxe ata as súas infraestruturas. “Céntrase en como se xestiona a auga, como a paisaxe se modifica por esta xestión e como interveu o home nesta xestión”, indicou.

No caso de que a candidatura da Ribeira Sacra fose a elixida para representar a España, non sería ata 2026 cando a Unesco tomaría a decisión definitiva.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA FINANCIARÁ A CONSTRUCCIÓN, MELLORA OU AMPLIACIÓN DUNHA VINTENA DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS MUNICIPAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN AOS MAIORES

- Rueda salienta que a través do Plan de investimentos, o Goberno autonómico sufragará con 18,5 millóns de euros a construción “de doce novas residencias, a reforma ou ampliación doutras seis, catro novos centros de día, un centro social e un centro integral con servizos de centro de día e residencia”
- Destaca que isto permitirá crear “500 novas prazas públicas de residencia e outras 150 de atención diúrna”

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta vai financiar a construción, mellora e ampliación de 24 centros de atención aos maiores (residencias, centros de día, vivendas comunitarias, centros sociais...) ao abeiro do Plan de investimentos para equipamentos sociais polo que o Goberno galego pon á disposición dos concellos 18,5 millóns de euros para que reforcen a rede de atención ás persoas maiores.

Do centenar de propostas presentadas polos concellos a este plan resultaron finalmente seleccionadas 24, o que, tal e como explicou Rueda, “suporá a construción de doce novas residencias; reformar ou ampliar outras seis; impulsar catro novos centros de día; poñer en marcha un novo centro social e crear un centro integral de atención aos maiores con servizos de centro de día e residencia”. Ademais, con estas actuacións está previsto que “se creen 500 novas prazas públicas de atención residencial e outras 150 de atención diúrna”.

Unha vez escollidos os proxectos, o seguinte paso será a sinatura de convenios de colaboración plurianuais con cada concello, para desenvolver as actuacións entre este exercicio e o próximo. A previsión é que estes acordos se asinen no primeiro semestre deste ano.

#### **Acordo coa Fegamp**

Este plan de investimentos, do que o Consello coñeceu hoxe a resolución, comezou hai dous anos coa sinatura dun acordo marco coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e tras o que se abriu un prazo para que os concellos presentasen as súas propostas. Unha comisión de traballo formada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Fegamp encargouse de avalialas e decidir as seleccionadas.

Nesta selección deuse prioridade aos proxectos dos concellos de menos de 20.000 habitantes, tendo máis puntuación aqueles con menor poboación; dos que non tiveran recursos semellantes aos que queren construír e a aqueles cunha maior viabilidade técnica e económica.

Os importes máximos que se van financiar varía en función dos proxectos. Así, no caso de iniciativas para construír novas infraestruturas as contías son de ata 1,2 millóns de

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

euros para residencias; 600.000 euros para un centro de día ou vivenda comunitaria e 400.000 euros para centros sociais.

As actuacións seleccionadas son as seguintes:

Concello	Provincia	Descrición proxecto	Importe financiado polo plan
Boimorto	A Coruña	Reforma e ampliación da residencia municipal	500.000,00 €
Sobrado	A Coruña	Construción centro de día	348.572,37 €
Toques	A Coruña	Construción centro de día	283.324,87 €
Abadín	Lugo	Construción residencia	1.200.000,00 €
Riotorto	Lugo	Construción residencia	1.200.000,00 €
A Bola	Ourense	Reforma de residencia	121.644,54 €
A Gudiña	Ourense	Construción fogar residencial	469.727,78 €
A Peroxa	Ourense	Construción residencia	1.200.000,00 €
Avión	Ourense	Reforma centro integral (centro de día e residencia)	200.000,00 €
Chandrexa de Queixa	Ourense	Reforma ou ampliación de residencia	361.094,92 €
Carballada de Avia	Ourense	Construción centro social	285.301,30 €
Laza	Ourense	Construción residencia	1.200.000,00 €
Manzaneda	Ourense	Reforma da residencia municipal	304.865,85 €
Os Blancos	Ourense	Construción mini-residencia	1.200.000,00 €
Piñor	Ourense	Construción residencia	1.199.849,09 €
Ramirás	Ourense	Construción centro de día	431.791,59 €
A Teixeira	Ourense	Construción residencia	1.200.000,00 €
Trasmiras	Ourense	Construción residencia	1.200.000,00 €
Verea	Ourense	Construción fogar residencial	728.712,00 €
Vilamarín	Ourense	Construción centro de día	599.810,61 €
Xunqueira de Ambía	Ourense	Construción residencia	1.200.000,00 €
Crecente	Pontevedra	Reforma ou ampliación de residencia	500.000,00 €
Dozón	Pontevedra	Construción de residencia e centro de día	1.500.000,00 €
Fornelos de Montes	Pontevedra	Construción fogar residencial	1.085.305,08 €

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ARRANCOU A TRAVÉS DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA 16 PROXECTOS COMUNITARIOS EN 5 ANOS, QUE MOBILIZAN 131 MILLÓNS PARA SECTORES CHAVE DO RURAL EUROPEO

- Coa participación da Axencia, dependente da Consellería do Medio Rural, Galicia iniciou no período 2019-2024 potentes iniciativas comunitarias enfocadas a eixes estratéxicos como o lácteo, a carne, o forestal ou o viño, dentro da aposta do Goberno autonómico pola investigación no agroforestal
- A través destes proxectos, a Xunta foi beneficiaria de 3,34 millóns para desenvolver uns traballos que favorecen a transferencia de coñecementos a eidos produtivos de especial relevancia en Galicia, contribuíndo á mellora da súa competitividade e tamén da súa rendibilidade
- Hoxe, o principal proxecto é o de *AgriFoodTEF*, que traballa nunha rede de infraestruturas de proba e validación en Europa que apoia as empresas tecnolóxicas agroalimentarias para desenvolver, preto delas, produtos con solucións de IA e robótica en sistemas de produción reais

A Xunta participa a través da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, en ata 16 proxectos de investigación europeos iniciados no período 2019-2024, nun informe que foi avaliado hoxe na reunión semanal do Consello. Neste sentido, a Axencia está á vangarda en todo tipo de iniciativas de colaboración con entidades punteiras a nivel europeo en ámbitos fundamentais para sectores como o lácteo, o da produción de carne, o forestal ou o vitivinícola. Esta participación enmárcase dentro da aposta do Goberno autonómico pola investigación no eido agroforestal, un dos piares da economía galega.

Nos últimos cinco anos, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria foi beneficiada en convocatorias de concorrencia competitiva con algo máis de 3,34 millóns para desenvolver esta serie de proxectos que, no seu conxunto, contan cun investimento global de preto de 131 millóns. Nestes momentos, a Axencia Galega da Calidade Alimentaria está presente en nove destes proxectos europeos con vixencia ata 2027, ademais de ter rematado outros sete nos últimos cinco anos.

O principal proxecto en que hoxe está inmersa a Axencia é *AgriFoodTEF-Test and Experimentation Facilities for the Agri-Food Domain*, cun orzamento para Agacal de case 890.000 euros dos 60 millóns con que contan en total as 35 entidades participantes de nove países europeos. Nesta iniciativa de innovación, que comezou en 2023 e ten data de remate en 2027, trabállase nunha rede de infraestruturas de proba e validación en Europa que apoia as empresas tecnolóxicas agroalimentarias para desenvolver, preto delas, produtos con solucións de intelixencia artificial e robótica en sistemas de produción reais.

O obxectivo xeral desta iniciativa é pechar a fenda entre a excelente investigación nestes campos e os produtos reais que apoian unha agricultura eficiente e sustentable,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ao mesmo tempo que cumpran os estritos requisitos económicos e de empregabilidade dos seus usuarios finais. A Axencia, a través do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, en colaboración con Gradiant e DataLife é o núcleo da parte galega coa posta en marcha de servizos orientados á produción láctea a través de, por exemplo, a alimentación de precisión ou da medición de gases de efecto invernadoiro.

### **Iniciativas activas**

Destaca tamén o proxecto *Life Silfore-Towards the conservation and management of resilient agroforestry systems through silvopastoralism*, cun orzamento de 325.000 euros e que se levará a cabo ata o ano 2027. Busca potenciar prácticas silvopastorais, como o control da biomasa pirofítica, que poden converterse nunha oportunidade para que os propietarios da terra manteñan a rendibilidade das plantacións, ao mesmo tempo que se diversifica a súa economía, conduce á conservación da biodiversidade que garante a multifuncionalidade dos bosques e mellora a provisión de bens e servizos.

Ademais, o persoal da Axencia Galega da Calidade Alimentaria traballa na iniciativa *Life Carbon Farming*, que conta cun orzamento total de 6,6 millóns de euros. O principal obxectivo deste proxecto é reducir a pegada de carbono dos produtos agrícolas nun 15 % nun prazo de seis anos. Baséase no financiamento de carbono, que xoga un papel fundamental para incentivar e ampliar as iniciativas de baixa emisión de carbono. Para conseguilo, desenvolverase unha metodoloxía harmonizada de avaliación de sustentabilidade e un proceso común de seguimento, presentación de informes e verificación para axudar os agricultores a reducir a pegada de carbono das súas explotacións.

Cómpre lembrar proxectos como *Climate Neutral Farms*, centrado en reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro; *Nutritive*, enfocada en desenvolver unha ferramenta de toma de decisións para definir as estratexias máis eficientes en xestión do esterco; *Exportplus*, concibido como un sistema de apoio á internacionalización das pemes agroalimentarias; *Reinforce 2*, que achegará solucións para anticipar os efectos do cambio climático nos bosques costeiros; ou a iniciativa *Cooptree*, que avanza na procura da cooperación para a conservación e resiliencia dos bosques do sueste europeo.

Este ano está previsto que finalice *ForManRisk – Forest Management and Natural Risks*, un proxecto que fomenta a organización de eventos de formación e intercambio de experiencias co desenvolvemento de novas ferramentas de xestión de riscos ao tempo que optimiza a concienciación territorial dos interesados e cataliza a multiplicación de novos estándares de xestión no espazo de colaboración.

### **Proxectos rematados neste período con presenza da Axencia Galega da Calidade Alimentaria**

Sobre os proxectos xa rematados, e que contaron cun importante investimento, está *Dairy4Future-Propagating innovations for more resilient dairy farming in Atlantic Area*, que foi apoiado con 330.000 euros para a Axencia e rematou en 2019. Enfocouse ao sector lácteo, dirixido a produtores, industria, distribución e consumidores, con



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ferramentas de análise de fácil comprensión e execución que relacionasen a eficiencia produtiva e económica coa preservación do ambiente.

Destaca tamén *SmartAgriHubs*, que finalizou en 2022 e cun investimento total de algo máis de 22 millóns para as 164 entidades participantes. O seu principal obxectivo foi a creación dunha rede de centros de innovación dixital (CID) para impulsar a adopción de tecnoloxías dixitais por parte do sector, consolidando, activando e ampliando o ecosistema existente.

### **Favorecer o desenvolvemento de sectores chave para Galicia**

Os proxectos de investigación de que forma parte a Axencia Galega da Calidade Alimentaria favorecen a innovación dentro de sectores de suma importancia para a economía de Galicia. Todas as innovacións que se poidan transferir a eles como resultado destas iniciativas repercuten favorablemente para a súa rendibilidade e competitividade. Deste xeito, tamén se contribúe á continuidade destes sectores ao mesmo tempo que se fixa poboación nas áreas rurais.

A Axencia creouse en 2018 coa vocación de ser o instrumento para a canalización da investigación e desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario. Para o desenvolvemento da súa actividade investigadora encomendada nos eidos competencia da Consellería do Medio Rural, xestiona o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, do cal dependen a Estación Experimental de Gandaría de Montaña do Marco da Curra, a Estación Experimental Agrogandeira da Pobra do Brollón e a Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño en Salceda de Caselas; a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia de Leiro, da cal forma parte a Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía de Ribadumia, e o Centro de Investigación Forestal de Lourizán. A isto hai que engadirlle o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O PROGRAMA DE CIENCIAS MARIÑAS MOBILIZA TODOS OS CENTROS CIENTÍFICOS E ARREDOR DE 300 INVESTIGADORES EN GALICIA EN FAVOR DO SECTOR MARÍTIMO-PESQUEIRO**

- Financiado con 6 millóns de euros de fondos NextGeneration do Plan de resiliencia e 4 millóns máis do FEMP e Fempa a través da Xunta cumpre o seu primeiro exercicio completo de acción combinando o conxunto do potencial científico da comunidade
- Inclúe as tres universidades galegas, catro instalacións dependentes do CSIC incluíndo os dous centros do IEO e seis a cargo da comunidade autónoma como son o Cesga, Cetmar, CIMA, Igafa, Intecmar e Meteogalicia
- As actuacións pretenden xerar unha estratexia coordinada de observación con tecnoloxías innovadoras, un xemelgo dixital do litoral galego para prepararse ante incidencias ambientais ou climáticas e medidas que impulsen a produtividade das rías

Galicia aposta de forma decidida pola investigación relacionada co mar e a acuicultura e por este motivo mobilizou, de forma coordinada, todos os recursos científicos e vinculados á investigación, desenvolvemento e innovación con que conta na comunidade autónoma para que traballen, de forma coordinada e colaborativa, en favor do sector marítimo-pesqueiro. Esta é a filosofía que está detrás do Programa de ciencias mariñas de Galicia, un conxunto de estratexias que en 2023 pechou o seu primeiro exercicio íntegro de traballos e de cuxas actividades se informou no Consello da Xunta celebrado hoxe.

O Programa de ciencias mariñas de Galicia implica a máis de 300 científicos, investigadores e técnicos que traballan en conxunto e desde diferentes enfoques nas súas diferentes áreas de coñecemento. Enmárcase no Programa conxunto en ciencias mariñas no que colaboran as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Cantabria, Murcia, Comunitat Valenciana, Illes Balears e Canarias co fin de desenvolver unha estratexia conxunta de investigación e innovación no mundo da ciencia do mar.

Con esta planificación búscase abordar os novos retos na vixilancia e observación do medio mariño, cambio climático, acuicultura e a promoción de novos sectores da economía do mar. Para o seu desenvolvemento, a Consellería do Mar comprometeuse á xestión como entidade executora de 6 millóns de euros procedentes dos fondos NextGenerationEU previstos polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades dentro do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) do Estado; e, pola outra, á achega a través da propia Xunta de 4 millóns de euros procedentes do FEMP e do novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa). En total, 10 millóns de euros.

O obxectivo do programa, que xorde con vocación de permanencia, é o de integrar os desafíos científicos dunha área estratéxica para Galicia como é a investigación mariña, ao tempo que pretende impulsar a transformación do tecido empresarial vinculado ao

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sector marítimo-pesqueiro. Nesta liña de acción conxunta construíuse un plan altamente específico que define once paquetes de traballo, 38 actuacións, 132 actividades e preto de 300 tarefas que se desenvolverán, que responden a tres grandes liñas de actuación: a observación e monitorización do medio mariño e do litoral; a acuicultura sustentable, intelixente e de precisión, e as innovacións e oportunidades de economía azul.

Neste labor colaboran as tres universidades públicas do Sistema universitario de Galicia (A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo); os catro centros dependentes do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a súa delegación en Galicia, como son o Instituto de Investigacións Mariñas, os dous centros do Instituto Español de Oceanografía e o Instituto de Ciencias do Patrimonio; os dependentes da Xunta, como son o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) e MeteoGalicia, e entre eles os vinculados á Consellería do Mar, como o Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar, o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), o Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafo) e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

Todo este potencial científico está a traballar a favor da cadea mar-industria galega, con achegas que irán en aumento no futuro para axudar a propiciar a xestión máis eficiente e sustentable dos recursos do mar e da acuicultura. As actuacións que leven a un traballo máis estreito entre todos estes actores científicos e o sector produtivo redundarán en beneficios para o conxunto de Galicia.

### **Estratexia coordinada**

O Programa de ciencias mariñas investiu en accións como a dedicada a deseñar unha estratexia coordinada e de novas tecnoloxías para mellorar os servizos de observación e a monitorización mariña no futuro, entre elas a creación dun xemelgo dixital ou simulador integrado do medio mariño galego que permita prepararse ante calquera tipo de incidencia ambiental ou climática que poida producirse.

Entre os fins desta observación está a detección de ameazas e riscos de contaminación mariña e o seguimento da rastrexabilidade, calidade, seguridade e sustentabilidade dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura. Outras vías de acción pasan polo desenvolvemento de ferramentas xenómicas e bioinformáticas para a mellora da produción das rías e en actuacións para promover criadeiros de bivalvos, a alimentación e benestar do rodaballo ou avances para o cultivo sustentable do polbo. No ámbito da economía, o programa identificará factores de cambio, impactos do cambio global e camiños para mellorar a capacidade de adaptación das comunidades costeiras.